EXERCICIO DA MATERIA *FILOSOFÍA E CIDADANÍA*

Dossier sobre: *Os dereitos humanos na actualidade*

Trátase dun pequeno traballo (uns dous folios) de recollida e tratamento da información de diferentes medios de comunicación (prensa, TV, internet, etc.) sobre a situación dos dereitos humanos na actualidade. A súa finalidade é a de estimular a aprendizaxe e investigación autónoma, así como a transferencia e aplicación do aprendido ás situacións reais. Consta de dúas partes:

1ª parte: Recollida de datos e informacións sobre aos dereitos humanos na actualidade. Non se trata de facer un informe exhaustivo, senón máis ben, de presentar algunhas situacións especialmente escandalosas de incumprimento dos dereitos humanos máis fundamentais na actualidade. Por exemplo, o caso dos prisioneiros de Guantánamo, ou moitos outros que podes atopar denunciados polos medios de comunicación. Os informes de *Amnistía internacional* e doutras ONGs poden servirche de base.

2ª parte: Redactar un informe sobre os casos escollidos, no que se describa a situación e as causas de fondo da mesma, así como as posibles responsabilidades sobre o asunto, apuntando vías de acción tanto políticas como cidadáns de cara á unha solución futura.

Para realizar o traballo deberás utilizar, como en casos anteriores, toda a información que poidas atopar nos medios de comunicación, especialmente na rede de internet. Información, que unha vez seleccionada deberás tratar adecuadamente, sintetizándoa e ordenándoa para finalmente redactar o teu traballo. Deberás citar tamén as fontes nas que te baseas.